

1. Marca cunha cruz a resposta correcta

PUNTO 1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA (páxina 254 a 256)	
1. A falta de entendemento con Hitler na Conferencia de Desarmamento reunida em Xenebra provocou que: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> non se lle recoñecese a Alemaña o principio de igualdade de dereitos</li> <li><input type="checkbox"/> houberse entendemento con Adolf Hitler</li> <li><input type="checkbox"/> se producise o abandono da Sociedade de Nacións por parte de Alemaña</li> </ul>	2. Adolf Hitler pretendía crear em primeiro lugar un gran Estado nacionalsocialista de base racial: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> máis alá das fronteiras fixadas no Tratado de Versalles unicamente dentro do territorio estipulado polo Tratado de Versalles</li> <li><input type="checkbox"/> ocupando todos os dominios coloniais alemáns fóra de Europa</li> </ul>
3. A rexión do Sarre, que estaba baixo control francés, foi anexionada por Hitler: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> mediante un plebiscito á poboación</li> <li><input type="checkbox"/> a través dunha invasión militar</li> <li><input type="checkbox"/> mediante un acordo multilateral con Francia e Estados Unidos</li> </ul>	4. Entre as medidas que adoptou Adolf Hitler ao acceder ao poder de Alemaña que conculcaban as limitacións impostas no Tratado de Versalles estaba: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> a eliminación da Luftwaffe como forza aérea</li> <li><input type="checkbox"/> a invasión do territorio de Etiopía</li> <li><input type="checkbox"/> o restablecemento do servizo militar obrigatorio</li> </ul>
5. Francia tratou de illar diplomaticamente á Alemaña nazi asinando un acordo com Italia e Reino Unido que tiña entre os seus obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> renunciar a opoñerse á política armamentística de Hitler</li> <li><input type="checkbox"/> abandonar a participación francesa na Sociedade de Nacións</li> <li><input type="checkbox"/> asegurar a independencia de Austria</li> </ul>	6. A Sociedade de Nacións aplicou sancións económicas contra o Goberno italiano de Mussolini despois de que este: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> pedise ser membro permanente da Sociedade de Nacións</li> <li><input type="checkbox"/> invadise e conquistase Etiopía</li> <li><input type="checkbox"/> rompese todos os pactos coa Alemaña de Hitler</li> </ul>
7. Hitler e Mussolini interpretaron como unha mostra de debilidade a pasividade das democracias occidentais fronte á: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> ocupación alemá da zona desmilitarizada de Renania</li> <li><input type="checkbox"/> invasión italiana de Grecia e Checoslovaquia</li> <li><input type="checkbox"/> intervención soviética na Guerra Civil española apoiando ao bando franquista sublevado</li> </ul>	8. O estalido da Guerra Civil española provocou que varios países reaccionasen asinando: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> un acordo de non intervención en España</li> <li><input type="checkbox"/> un manifesto de apoio e axuda incondicional ao bando republicano</li> <li><input type="checkbox"/> unha declaración de guerra inmediata contra o bando franquista sublevado</li> </ul>
9. Os militares sublevados contra a República na Guerra Civil española recibiron axuda com tropas e material bélico de parte: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> da Unión Soviética</li> <li><input type="checkbox"/> da Alemaña nazi e da Italia fascista</li> <li><input type="checkbox"/> do Reino Unido comunista e da Francia bolxevique</li> </ul>	10. A participación na Guerra Civil española da Alemaña nazi e da Italia fascista facilitou o nacemento dunha alianza que foi denominada como: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Eixe Roma-Berlín</li> <li><input type="checkbox"/> Pacto Prokomintern</li> <li><input type="checkbox"/> Pano de Aceiro</li> </ul>
11. O Pacto Antikomintern contra a URSS que asinaron Alemaña e Xapón contou tamén coa adhesión de: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Francia e da Inglaterra de Churchill</li> <li><input type="checkbox"/> Polonia e de Estados Unidos de Roosevelt</li> <li><input type="checkbox"/> Italia e a España de Franco</li> </ul>	12. As tropas alemás entraron en Viena en 1938 e Hitler anunciou a celebración dun plebiscito para: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> manter a independencia de Austria respecto do Reich alemán</li> <li><input type="checkbox"/> ratificar a anexión de Austria ao Reich alemán</li> <li><input type="checkbox"/> renunciar a calquera medida para ampliar o espazo vital</li> </ul>
13. A rexión dos Sudetes era un territorio rico em minas e industrias na que vivían uns tres millóns de alemáns que pertencía a: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Polonia</li> <li><input type="checkbox"/> Iugoslavia</li> <li><input type="checkbox"/> Checoslovaquia</li> </ul>	14. Os xefes de Goberno de Reino Unido e de Francia reuníronse con Hitler na Conferencia de Múnic e aceptaron: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> a devolución da rexión dos Sudetes a Italia</li> <li><input type="checkbox"/> a anexión da rexión dos Sudetes ao Reich</li> <li><input type="checkbox"/> o consentimento de Checoslovaquia de ser invadida coa mediación de Mussolini</li> </ul>
15. O Protectorado de Bohemia-Moravia que se formou despois da penetración das tropas nazis nese territorio era: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> un Estado satélite do Terceiro Reich</li> <li><input type="checkbox"/> un reino independente dentro da Checoslovaquia libre do dominio nazi</li> <li><input type="checkbox"/> unha república desmilitarizada administrada pola Sociedade de Nacións</li> </ul>	16. Albania foi un territorio que antes da Segunda Guerra Mundial: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> se mantivo libre de calquera invasión exterior</li> <li><input type="checkbox"/> foi ocupado pola Italia de Mussolini</li> <li><input type="checkbox"/> pasou a integrarse na Unión Soviética</li> </ul>

<p>17. As esixencias de Hitler para facer co control da cidade de Danzig e do corredor polaco provocou que Reino Unido e Francia reaccionasen:</p> <p><input type="checkbox"/> rompendo todas as relacións coa URSS</p> <p><input type="checkbox"/> aceptando a entrega destes territorios a Alemaña</p> <p><input type="checkbox"/> declarando o seu apoio á independencia de Polonia</p>	<p>18. Hitler asinou o Pacto xermano-soviético de non agresión co obxectivo de:</p> <p><input type="checkbox"/> contar coa axuda da URSS no caso dun conflito armado contra Italia e Francia</p> <p><input type="checkbox"/> evitar unha guerra en dúas fronteiras no caso de conflito com Francia e Reino Unido</p> <p><input type="checkbox"/> lograr a neutralidade de Polonia no caso dun ataque soviético a territorio alemán</p>
<p>19. Stalin xustificou a sinatura do Pacto xermano-soviético de non agresión con argumentos como:</p> <p><input type="checkbox"/> a necesidade de propiciar un ataque alemán sobre territorio soviético</p> <p><input type="checkbox"/> o desexo de iniciar unha etapa de illamento diplomático</p> <p><input type="checkbox"/> a evidente hostilidade das potencias occidentais cara á URSS</p>	<p>20. O protocolo secreto do Pacto xermano-soviético de non agresión contiña acordos como:</p> <p><input type="checkbox"/> a ocupación de todo o territorio de Polonia por parte das tropas alemás</p> <p><input type="checkbox"/> o recoñecemento dos dereitos da URSS sobre Finlandia, os países bálticos e Besarabia</p> <p><input type="checkbox"/> a entrega da rexión dos Sudetes á Unión Soviética</p>
<p>21. Reino Unido e Francia reaccionaron ante a invasión de Polonia por parte da Alemaña o 1 de setembro de 1939:</p> <p><input type="checkbox"/> adoptando a mesma postura que na Conferencia de Múnic de 1938</p> <p><input type="checkbox"/> entregándolle pacificamente ese territorio a Hitler</p> <p><input type="checkbox"/> declarándolle a guerra a Alemaña</p>	<p>22. A política expansionista que iniciou Xapón nos anos trinta como consecuencia da crise económica que sufría levou a que este país:</p> <p><input type="checkbox"/> asegurase a independencia de Manchuria dentro do territorio chinés</p> <p><input type="checkbox"/> anunciase a constitución do Estado satélite de Manchukuo</p> <p><input type="checkbox"/> aceptase a expansión de China polo seu espazo vital no sueste asiático</p>
<b>PUNTO 2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA (páxina 257 a 261)</b>	
<p>23. A supremacía em canto a forzas terrestres, em concreto em divisións de infantaría, ao inicio da Segunda Guerra Mundial correspondía:</p> <p><input type="checkbox"/> a Reino Unido, Francia e Polonia</p> <p><input type="checkbox"/> a Alemaña</p> <p><input type="checkbox"/> ao Segundo Reich</p>	<p>24. A principal dificultade que tiña o exército alemán ao inicio da Segunda Guerra Mundial, pese á súa superioridade de efectivos, era:</p> <p><input type="checkbox"/> a necesidade de ferro, gasolina, caucho e outras materias primas para a súa maquinaria</p> <p><input type="checkbox"/> o maior número de poboación das potencias do eixe</p> <p><input type="checkbox"/> a superioridade en recursos económicos de Alemaña e dos seus aliados</p>
<p>25. Hitler e o seu Alto Estado Maior deseñaron unha táctica de guerra que buscaba alcanzar o éxito rápido mediante a penetración no territorio inimigo usando carros de combate, apoiados desde o aire pola aviación, porque:</p> <p><input type="checkbox"/> pretendían que a guerra fose curta</p> <p><input type="checkbox"/> renunciaron a aplicar a estratexia da guerra lóstrego</p> <p><input type="checkbox"/> sabían que a guerra ía alongarse durante varios anos</p>	<p>26. As tácticas militares que aplicaron os exércitos aliados ao inicio da Segunda Guerra Mundial baseábase:</p> <p><input type="checkbox"/> nunha estratexia moi distinta a que levaran a cabo na Primeira Guerra Mundial</p> <p><input type="checkbox"/> no avance da infantaría e na loita em trincheiras</p> <p><input type="checkbox"/> na guerra lóstrego e na rápida penetración em territorio inimigo</p>
<p>27. Os exércitos dos países aliados puideron aproveitar o seu maior potencial económico e demográfico durante a Segunda Guerra Mundial cando:</p> <p><input type="checkbox"/> triunfou definitivamente a estratexia da guerra lóstrego de Alemaña</p> <p><input type="checkbox"/> se alongou a guerra</p> <p><input type="checkbox"/> deixaron de fabricar armamento e de ampliar o exército</p>	<p>28. Entre os avances científico-técnicos que se aplicaron durante a Segunda Guerra Mundial estaban:</p> <p><input type="checkbox"/> a invención do tanque de combate</p> <p><input type="checkbox"/> o radar británico</p> <p><input type="checkbox"/> a enerxía atómica utilizada por Xapón contra Estados Unidos</p>
<p>29. A invasión do territorio polaco por parte do exército alemán o 1 de setembro de 1939 provocou que Polonia reaccionase:</p> <p><input type="checkbox"/> detendo o avance mediante a artillaría antiaérea</p> <p><input type="checkbox"/> parando inmediatamente o ataque da guerra lóstrego</p> <p><input type="checkbox"/> capitulando ante o ataque alemán</p>	<p>30. A ocupación dunha parte do territorio polaco por parte do exército alemán provocou que as tropas da URSS:</p> <p><input type="checkbox"/> invadisen unicamente a parte occidental de Polonia</p> <p><input type="checkbox"/> ocupasen tamén Estonia, Letonia e Lituania</p> <p><input type="checkbox"/> atacasen Finlandia renunciando a ocupar o territorio de Polonia</p>
<p>31. Alemaña tratou de asegurarse o aprovisionamento de ferro sueco durante a Segunda Guerra Mundial:</p> <p><input type="checkbox"/> declarándolle a guerra a Suecia</p> <p><input type="checkbox"/> invadindo Dinamarca e Noruega</p> <p><input type="checkbox"/> renunciando a continuar coa súa expansión territorial</p>	<p>32. O avance do exército alemán por territorio francés durante a primeira fase da Segunda Guerra Mundial rematou:</p> <p><input type="checkbox"/> coa sinatura do armisticio de Compiegne</p> <p><input type="checkbox"/> coa entrada do exército aliado en París</p> <p><input type="checkbox"/> coa independencia de Bélxica e os Países Baixos do dominio nazi</p>
<p>33. A chamada República de Vichy que se formou em Francia durante a Segunda Guerra Mundial estaba:</p> <p><input type="checkbox"/> situada na parte do norte e da costa atlántica do territorio francés</p> <p><input type="checkbox"/> gobernada de forma autoritaria polo mariscal Pétain</p> <p><input type="checkbox"/> dirixida polo Goberno fascista e colaboracionista dos nazis do xeneral De Gaulle</p>	<p>34. Os ataques aéreos que o exército alemán realizou durante a denominada batalla de Inglaterra foron contrarrestados polo exército británico:</p> <p><input type="checkbox"/> bombardeando directamente a cidade de Londres</p> <p><input type="checkbox"/> aceptando a oferta de paz ofrecida por Hitler</p> <p><input type="checkbox"/> utilizando os cazas e o radar</p>

<p>35. Italia entrou na Segunda Guerra Mundial do lado de Alemaña lanzando unha ofensiva sobre a colonia británica de Exipto porque pretendía:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> acceder ao petróleo de Libia e Etiopía</li> <li><input type="checkbox"/> chegar ao canal de Suez para obstaculizar as comunicacións de Gran Bretaña co seu império</li> <li><input type="checkbox"/> derrotar o Afrika Korps en Oriente Próximo</li> </ul>	<p>36. Hitler decidiu intervir na zona dos Balcáns durante a Segunda Guerra Mundial porque:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> fracasou o intento de invasión de Grecia por parte de Italia</li> <li><input type="checkbox"/> triunfou a invasión de Checoslovaquia por parte de Albania</li> <li><input type="checkbox"/> enviou o Afrika Korps para ocupar Bulgaria e Romanía</li> </ul>
<p>37. Entre os países das zona dos Balcáns que asinaron pactos para combater do lado de Alemaña na Segunda Guerra Mundial estaban:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Croacia e Ucraína</li> <li><input type="checkbox"/> Armenia e Romanía</li> <li><input type="checkbox"/> Hungría e Bulgaria</li> </ul>	<p>38. Iugoslavia e Grecia foron dous países que durante a Segunda Guerra Mundial:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> permaneceron neutrais</li> <li><input type="checkbox"/> foron ocupados polas tropas do Eixe</li> <li><input type="checkbox"/> permaneceron baixo o dominio da Unión Soviética</li> </ul>
<p>39. A denominada Operación Barbarrubia que levou a cabo o exército alemán durante a Segunda Guerra Mundial tiña entre os seus obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> acceder ao carbón e ao gas de Oriente Próximo</li> <li><input type="checkbox"/> obstaculizar as comunicacións de Gran Bretaña co seu imperio no Océano Pacífico</li> <li><input type="checkbox"/> obter os cereais rusos e o petróleo do Cáucaso</li> </ul>	<p>40. O fracaso das tropas nazis no asedio a Leningrado e na toma de Moscova debeuse entre outros motivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> á rápida reacción do exército ruso impedindo o avance do ataque lóstrego alemán</li> <li><input type="checkbox"/> á abundancia de carburante durante os meses de verán</li> <li><input type="checkbox"/> á política de terra queimada levada a cabo polo exército ruso</li> </ul>
<p>41. A invasión do territorio de Indochina por parte de Xapón durante a Segunda Guerra Mundial provocou que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Estados Unidos decretase o embargo sobre o comercio xaponés</li> <li><input type="checkbox"/> Alemaña declarase inmediatamente a guerra a Xapón a URSS e Italia asinasen o Pacto Antikomintern contra Xapón</li> </ul>	<p>42. Xapón iniciou um rápido proceso de ocupación dos territorios no Océano Pacífico despois de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> causar escasos efectos nos recursos militares de Estados Unidos no ataque a Pearl Harbor</li> <li><input type="checkbox"/> devolver o territorio de Manchukuo a Corea</li> <li><input type="checkbox"/> destruír parte da frota estadounidense no Océano Pacífico</li> </ul>
<p>43. Entre os territorios que dominaba Xapón en 1942 na zona do Pacífico estaban:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Indochina, Bangladesh e Australia</li> <li><input type="checkbox"/> Indonesia, a illa de Guam e Nova Zelandia</li> <li><input type="checkbox"/> Birmania, Filipinas e as illas Salomón</li> </ul>	<p>44. As tropas xermanas víronse obrigadas a capitular na batalla de Stalingrado debido a motivos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> a chegada de numerosos reforzos desde Alemaña</li> <li><input type="checkbox"/> os efectos da fame e do frío</li> <li><input type="checkbox"/> as altas temperaturas do verán ruso</li> </ul>
<p>45. A ofensiva das tropas do Afrika Korps de Rommel no norte de África:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> tivo un gran éxito na batalla de El Alamein</li> <li><input type="checkbox"/> foi detida polo exército británico na batalla de El Alamein</li> <li><input type="checkbox"/> permitiu o control alemán dos territorios de Alxeria e Marrocos ata o final da Segunda Guerra Mundial</li> </ul>	<p>46. O desembarco aliado em Sicilia durante a Segunda Guerra Mundial provocou:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> a sinatura dun armisticio de Italia coas potencias do Eixe</li> <li><input type="checkbox"/> a destitución de Mussolini por parte do rei Vitor Manuel III</li> <li><input type="checkbox"/> A conquista de todo o territorio de Italia polas tropas de Alemaña</li> </ul>
<p>47. A República de Saló que se creou em Italia durante a Segunda Guerra Mundial:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> ocupaba o centro e o norte do territorio de Italia</li> <li><input type="checkbox"/> estaba gobernada por Mussolini e baixo control dos aliados</li> <li><input type="checkbox"/> era un estado libre do control da Alemaña nazi</li> </ul>	<p>48. O contraataque das tropas estadounidenses no Océano Pacífico provocou:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> a derrota norteamericana na batalla de Kursk</li> <li><input type="checkbox"/> a demostración da superioridade xaponesa no ataque ás illas Carolinas e ás illas Marianas</li> <li><input type="checkbox"/> a vitoria de Estados Unidos nas batallas aeronavais de Midway e Guadalcanal</li> </ul>
<p>49. A gran ofensiva que constituíu o desembarco de Normandía em xuño de 1944 permitiu que o exército aliado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> reforzase as defensas alemás no centro e oeste de Europa</li> <li><input type="checkbox"/> evitase a toma de Berlín por parte do exército soviético</li> <li><input type="checkbox"/> liberase París e todo o territorio francés e belga</li> </ul>	<p>50. A rendición incondicional do réxime da Alemaña nazi na Segunda Guerra Mundial produciuse despois de que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> as tropas británicas e norteamericanas tomaran Berlín</li> <li><input type="checkbox"/> Hitler se suicidara no seu búnker</li> <li><input type="checkbox"/> a cidade de Berlín fose bombardeada con armamento nuclear polo exército xaponés</li> </ul>
<p>51. A capitulación de Berlín e a rendición incondicional de Alemaña na Segunda Guerra Mundial provocaron que o conflito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> finalizase xa nese mesmo momento</li> <li><input type="checkbox"/> se mantivese ata a celebración da Conferencia de Ialta</li> <li><input type="checkbox"/> continuase aínda con combates no Océano Pacífico</li> </ul>	<p>52. O lanzamento das bombas atómicas sobre as cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki em agosto de 1945 foi unha decisión que tomou:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> o presidente estadounidense Harry Truman para evitar o alongamento da guerra</li> <li><input type="checkbox"/> o congresista Franklin Delano Roosevelt para prolongar a guerra no Océano Pacífico</li> <li><input type="checkbox"/> o emperador xaponés Hirohito para evitar a rendición do seu país na guerra</li> </ul>

**PUNTO 3. A NOVA ORDE NAZI EN EUROPA (páxina 262 a 263)**

<p>53. A prolongación da Segunda Guerra Mundial máis alá do que crían os dirixentes da Alemaña nazi fixo que este país decidise:</p> <p><input type="checkbox"/> manter o esforzo da guerra só cos recursos existentes em territorio alemán</p> <p><input type="checkbox"/> deseñase unha campaña de explotación, saqueo e rapina dos recursos dos países ocupados</p> <p><input type="checkbox"/> recibise numerosos apoios económicos e humanos de parte dos países do bando aliado</p>	<p>54. Os campos de traballo que se estableceron na Segunda Guerra Mundial baixo control das SS e de grandes conglomerados industriais:</p> <p><input type="checkbox"/> abundaban especialmente en Europa oriental</p> <p><input type="checkbox"/> utilizaban unicamente man de obra escrava no oeste de Europa</p> <p><input type="checkbox"/> recluían principalmente a poboación de razas consideradas autenticamente alemás polo nazismo</p>
<p>55. Algunhas persoas aceptaron a ocupación do seu territorio e colaboraron activamente co réxime nazi por razóns como:</p> <p><input type="checkbox"/> o rexeitamento a calquera actitude colaboracionista</p> <p><input type="checkbox"/> o temor ao fracaso dunha revolución comunista</p> <p><input type="checkbox"/> o simple oportunismo</p>	<p>56. O movemento patriótico de rexeitamento da ocupación alemá que se produciu em vários países durante a Segunda Guerra Mundial foi denominado como:</p> <p><input type="checkbox"/> resistencia</p> <p><input type="checkbox"/> terror nazi</p> <p><input type="checkbox"/> colaboracionismo</p>
<p>57. Charles De Gaulle foi un político e militar que durante a Segunda Guerra Mundial:</p> <p><input type="checkbox"/> ocupou o cargo de presidente da Francia de Vichy</p> <p><input type="checkbox"/> exerceu de dirixente da Francia colaboracionista co réxime nazi</p> <p><input type="checkbox"/> estivo á fronte da resistencia francesa desde o exterior do país</p>	<p>58. A Grande Alemaña que pretendía crear o réxime nazi tiña como obxectivo incluír dentro do seu territorio:</p> <p><input type="checkbox"/> ás xentes de etnia xudía e xitana residentes en diversos lugares do mundo</p> <p><input type="checkbox"/> a todas aquelas persoas partidarias das ideas comunistas e da resistencia contra o nazismo</p> <p><input type="checkbox"/> ás poboacións de orixe xermánica dispersas por Centroeuropa e polos países bálticos</p>

**PUNTO 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA (páxina 264 a 267)**

<p>59. Moitas persoas sufriron grandes desprazamentos de poboación ao finalizar Segunda Guerra Mundial debido a motivos como:</p> <p><input type="checkbox"/> o envío de prisioneiros aos campos de concentración nazis</p> <p><input type="checkbox"/> a desaparición do Estado de Polonia acordada nos tratados de paz</p> <p><input type="checkbox"/> os cambios producidos nas fronteiras</p>	<p>60. O tribunal internacional que se creou ao finalizar a Segunda Guerra Mundial encargouse de definir o novo concepto xurídico de:</p> <p><input type="checkbox"/> leis de Núremberg</p> <p><input type="checkbox"/> masacres humanitarias chinesas en Xapón</p> <p><input type="checkbox"/> crimes contra a humanidade</p>
<p>61. Algúns xerarcas nazis foron condenados a morte tras a celebración:</p> <p><input type="checkbox"/> do proceso contras as matanzas de poboación xaponesa en Katyn</p> <p><input type="checkbox"/> da conferencia de paz contra os responsables do lanzamento de bombas atómicas sobre Londres e Dresde</p> <p><input type="checkbox"/> dos xuízos de Núremberg</p>	<p>62. Estados Unidos converteuse consolidou a súa posición hexemónica como gran potencia agraria, industrial e financeira a nivel mundial tras a Segunda Guerra Mundial debido entre outros motivos a:</p> <p><input type="checkbox"/> ao subministro de armamento e outros produtos aos aliados durante a guerra</p> <p><input type="checkbox"/> ao retroceso do súa capacidade produtiva</p> <p><input type="checkbox"/> á destrución de boa parte do seu equipamento industrial nos combates producidos en territorio de Norteamérica</p>
<p>63. A maior parte dos países de Europa occidental estableceron tras a Segunda Guerra Mundial un sistema político:</p> <p><input type="checkbox"/> da democracia parlamentaria</p> <p><input type="checkbox"/> das chamadas democracias populares</p> <p><input type="checkbox"/> de democracias comunistas baixo o control da URSS</p>	<p>64. Entre os países de Europa oriental nos que se estableceron ditaduras comunistas baixo a hexemonía da URSS estaban:</p> <p><input type="checkbox"/> Alemaña Occidental e Hungría</p> <p><input type="checkbox"/> Austria e Bulgaria</p> <p><input type="checkbox"/> Polonia e Checoslovaquia</p>
<p>65. Os líderes políticos reunidos na Conferencia de Ialta chegaron a acordos como:</p> <p><input type="checkbox"/> a unificación de Alemaña nunha zona de ocupación</p> <p><input type="checkbox"/> a sucesión de Churchill como presidente dos Estados Unidos</p> <p><input type="checkbox"/> a anexión dos Estados bálticos e do leste de Polonia á URSS</p>	<p>66. Alemaña e a cidade de Berlín quedaron divididas en catro zonas de ocupación tras a Conferencia de Postdam as cales estarían administradas por:</p> <p><input type="checkbox"/> Polonia, Checoslovaquia, Hungría e Iugoslavia</p> <p><input type="checkbox"/> Italia, España, China e Xapón</p> <p><input type="checkbox"/> Estados Unidos, Reino Unido, Francia e a Unión Soviética</p>
<p>67. Os acordos de paz celebrados tras a Segunda Guerra Mundial estableceron que Xapón:</p> <p><input type="checkbox"/> mantivese boa parte do seu imperio en Asia</p> <p><input type="checkbox"/> se convertese nunha ditadura baixo o control da URSS</p> <p><input type="checkbox"/> fose ocupada e democratizada por Estados Unidos</p>	<p>68. O territorio de Corea, que fora ocupado polas tropas xaponesas durante a Segunda Guerra Mundial, despois deste conflito foi:</p> <p><input type="checkbox"/> dividido en catro zonas de ocupación</p> <p><input type="checkbox"/> ocupado ao norte do paralelo 38°N pola URSS</p> <p><input type="checkbox"/> ocupado ao sur do paralelo 38°N por China</p>
<p>69. A Organización das Nacións Unidas creouse coa intención de exercer como unha nova organización internacional que mantivese a paz e a seguridade internacionais:</p> <p><input type="checkbox"/> en 1945 na Conferencia de Postdam</p> <p><input type="checkbox"/> en 1945 na Conferencia de San Francisco</p> <p><input type="checkbox"/> en 1949 no Tratado do Atlántico Norte</p>	<p>70. Entre os fins da ONU, que están fixados na Carta das Nacións Unidas, están:</p> <p><input type="checkbox"/> a estimulación da loita contra os dereitos e liberdades</p> <p><input type="checkbox"/> o recoñecemento do dereito á libre determinación dos pobos</p> <p><input type="checkbox"/> a cooperación pacífica para impedir a independencia das colonias dos grandes imperios</p>

<p>71. A Asemblea Xeral é un organismo da ONU que está formado por todos os Estados membros e que ten entre as súas funcións:</p> <p><input type="checkbox"/> emitir recomendacións</p> <p><input type="checkbox"/> eliminar o dereito de veto dos membros permanentes</p> <p><input type="checkbox"/> elaborar resolucións de obrigado cumprimento para todos os países membros da organización</p>	<p>72. Entre os Estados que teñen a condición de membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU están:</p> <p><input type="checkbox"/> Estados Unidos e Alemaña</p> <p><input type="checkbox"/> Xapón e Francia</p> <p><input type="checkbox"/> Rusia e China</p>
<p>73. Todos os países membros da ONU están obrigados a:</p> <p><input type="checkbox"/> exercer como membros permanentes do Consello de Seguridade</p> <p><input type="checkbox"/> cumprir as resolucións do Consello de Seguridade</p> <p><input type="checkbox"/> ter un secretario xeral da ONU nacido no seu país ao longo da historia da organización</p>	<p>74. A Secretaría Xeral da ONU está formada por un corpo de funcionarios e por un secretario xeral que é elixido:</p> <p><input type="checkbox"/> cada dous anos entre os dez membros permanentes do Consello de Seguridade</p> <p><input type="checkbox"/> cada catro anos nas eleccións celebradas en cada un dos Estados membros</p> <p><input type="checkbox"/> cada cinco anos pola Asemblea Xeral da ONU</p>

## ESTRUTURA DO EXAME

O exame da **unidade 11 do libro de texto**, o relativo a **A Segunda Guerra Mundial**, constará das seguintes preguntas:

- Un **exercicio con trinta preguntas tipo test** (cada pregunta fallada penalizará unha pregunta acertada)
- Un **comentario dun bloque de documentos**, entre os cales poden estar un texto, un mapa ou unha imaxe, que incluírá os pasos e as pautas a seguir, que poderá tratar sobre as **orixes e causas da guerra**, o **desenvolvemento da guerra** ou as **consecuencias da guerra**, segundo a elección de cada alumno e alumna, e que se corresponderá coas actividades deste tipo que están na aula virtual.